

## Temos que seguir coidándonos moito

Moeche foi un dos concellos de Galicia onde houbo unha maior incidencia da pandemia en relación coa súa poboación total. E é que os niveis de restrición marcados pola Xunta despois do Nadal establecéronse mirando o número de casos por cada 100.000 habitantes, algo que penalizou sobre todo aos municipios pequenos coma o noso. As estatísticas do SERGAS fanse dividindo a poboación total de Moeche entre o número de casos positivos asociados á tarxea sanitaria do centro de saúde, aínda que se trate de veciñanza doutros concellos.

Con isto queremos dicir que a situación sanitaria de Moeche non foi nin peor nin mellor que noutros municipios, senón igual de grave que no resto de Galicia, aínda que tardásemos algún tempo máis en baixar ao nivel de restricións básico.

É fundamental que o vivido nos primeiros meses do ano non volva repetirse. Por iso agora máis ca nunca, fai falla extremar as precaucións usando correctamente a máscara, mantendo o distanciamento social e respectando os límites ás agrupacións de persoas en espazos públicos e privados que estean en vigor en cada momento e que poden cambiar dunha semana para outra se así o recomentan as autoridades sanitarias.

A ameaza dunha cuarta onda é moi real e pode ser incluso peor que as tres anteriores, xa que hai variantes do coronavirus novas -a británica, a sudafricana ou a brasileira- que están gañando terreo e que son moito máis perigosas polos seus efectos sobre a saúde e pola maior resistencia que presentan ás vacinas actuais.

Por iso hai que seguir coidándose moito e coidando aos demais. O Concello actúa en consecuencia mantendo comunicación permanente coa Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol sobre a evolución da pandemia no municipio e tamén segue tendo aberta a liña directa coas familias e persoas que precisen axuda se a cousa se complica (pódese contactar co 981 404 006).

Tamén se manteñen interrompidas por agora as actividades das escolas infantís municipais e nas últimas semanas só se convocaron pequenos eventos con aforo limitado co gallo do 8M e do Día de Rosalía, xunto co **reinicio das feiras do 11 e do 23 con estritas limitacións**.

Ademais **tampouco se celebrou a Feira do Queixo** que tocaría no mes de marzo e, con moita dor de corazón e de común acordo coa entidade organizadora, a Asociación Ecuestre 23 de Abril, **neste 2021 tampouco poderemos gozar da Feira do Cabalo**, ante a obriga de evitar as aglomeracións de persoas e a incerteza sobre a evolución sanitaria nas próximas semanas.



### OBRAS

## O Concello aproba a distribución de 430.000 euros do Plan Único de Concellos

O Pleno do Concello deulle o visto e praxe hai unhas semanas á distribución dos fondos do Plan Único de Concellos correspondentes ao POS+ e o Plan Complementario. No POS+2021 a Moeche correspóndenlle 232.690,87, dos que 27.659,84 son de préstamo provincial que o Concello non utilizará por non ter débeda bancaria. O Goberno local dedicará a gastos correntes - luz, auga, lixo, etc- un total de 96.428,14€, e 122.256,80 a obras de pavimentación e nova iluminación en zonas recreativas. Por outra banda, no caso do Plan Complementario Moeche optou por incorporar catro proxectos valorados en 216.119,07 euros. Por último, a Deputación tamén habilitou xa un novo plan adicional -o chamado POS Social- para reforzar os servizos públicos de carácter asistencial. A achega é de 70.400 euros que o Concello complementará até os 110.000 €s.

O Executivo local optou por dedicar boa parte do total da achega directa ao sostemento económico de servizos básicos como son o **gasto en iluminación pública** ou os custes da **recollida de lixo** e do **abastecemento domiciliario de auga potable**. Neste capítulo van **96.428,14€**,

Para **investimentos reserváronse 122.256,80 €** dirixidos a tres proxectos de obras, dous deles presentáranse no Pos Complementario de 2020, e agora ampliáanse; a causa da situación sanitaria e social, os fondos provinciais destináronse a urxencias sociais e gastos COVID:

- **Mellora da iluminación da Área recreativa e pistas deportiva de Trieiro**, cun investimento de **19.743,18€** financiado integramente pola Deputación
- **Pavimentación de camiños en Abade, San Ramón, Balocos e Ramil**, que está orzamentado en **56.548,19€**. Desta contía a Deputación achega 48.859,71€ e o Concello 7.688,48€

**Pavimentación de camiños en Pradochao, San Xurxo, Ponte Sur e Vigo**, cuantificado en 45.965,00€. 40.000,00€ proceden do POS+ e os 5.965,00€ restantes cubriranse con fondos municipais.

**Para o Plan complementario**, que a Deputación dotará economicamente ao longo do ano, a proposta do Goberno local aprobada en Pleno recolle catro proxectos por importe **de 216.118,47€** que se destinarán a:

- **A nova rede de abastecemento de auga entre O Loureiro e Os Acivros**, cun investimento de 34.960,84€. O obxecto principal desta actuación é darlle resposta a unha demanda veciñal e seguir estendendo a rede de abastecemento de auga municipal dende O Loureiro ata Os Acivros e a Casatellada co fin de garantir o acceso á auga potable de subministración municipal.
- **O acondicionamento de accesos a zona do polideportivo en San Ramón**, cun investimento de **50.928,00€**, que consistirá na pavimentación dos accesos e do entorno do pavillón con aglomerado, novas beirarrúas e novas drenaxes de pluviais.
- **A mellora da nave do polbo no recinto feiral**, cun investimento de **97.168,34€**. O obxectivo neste caso é axeitar mellor a nave á actividade que se vén desenvolvendo nela. As obras propostas consisten en mellorar ou substituír os elementos de acabado -pavimentos, pinturas, carpinterías-, así como construír uns baños adaptados á normativa de accesibilidade e o cambio de cuberta.
- Por último, dentro do **Plan complementario**, tamén se incluíu unha partida de **33.061,29€ para actuacións na rede municipal de abastecemento de auga que signifiquen un maior aforro e un mellor funcionamento do sistema**.

A execución destes catro últimos proxectos do Plan Complementario está supeditada a que a Deputación da Coruña libere fondos económicos dos seus remanentes para poder levalos a cabo, xa sexan todos ou parte deles.

## **POS Social, un incremento de 70.406,86 euros no gasto social**

Neste 2021 tamén se xerou un novo plan a través do POS+ Adicional 1/2021 que terá un contido eminentemente social. No caso de Moeche a achega do coñecido como **POS Social** sitúase nos 70.406,86€ que o Concello complementara con recursos propios até os **110.000 euros** co obxectivo de manter e reforzar, entre outros apartados, a contratación de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, novos servizos de apoio aos dependentes, os servizos de conciliación e educativos (campamentos, servizo de madrugadores na escola) e tamén o apoio ás persoas e familias con menos recursos mediante a convocatoria dee axudas.



## Pavimentación de camiños e rebacheo

A empresa adxudicataria das obras de pavimentación das pistas de **Pumariño de Arriba, Pumariño de Abaixo, Rañal (San Xurxo), A Igrexa (Labacengos), Monte (Abade) foi Construcciones Jose No Mantiñán e Hijos**, mediante contrato menor, que complementan as obras incluídas no POS 2021, por importe de 20.000,00 euros. Estas obras xa foron rematadas nestes días.



## A Deputación subvenciona mediante un convenio o aglomerado da estrada A Ponte Sur-A Camba

A colaboración provincial co Concello de Moeche en canto a obras non se cingue unicamente ás achegas do POS, senón que hai máis, bastante máis. Proximamente asinarase un convenio nominativo a través do que se financiará a reparación da estrada que comunica o lugar da Camba, en San Sadurniño, co da Ponte do Sur, en San Xurxo. O proxecto está cifrado en 275.000 euros dos que o ente provincial porá o 80% e Moeche e San Sadurniño o 20% restante a partes iguais.

Os traballos consistirán en botar aglomerado en todo o trazado, xa que se trata dun firme máis duradeiro e moito máis regular, e tamén no pintado da sinalización horizontal e na mellora da drenaxe das cunetas. Por outra banda, no lado de Moeche o proxecto tamén reflicte a construción de varios tramos de senda peonil que melloren a seguridade dos núcleos que cruza a estrada.



## Desenvolvemento local

### Recepcionado o Centro Comarcal de Desenvolvemento Rural “A Fusquenlla”

A antiga nave dos queixos de San Ramón xa se reconverteu no novo Centro comarcal de apoio ao Desenvolvemento rural no que se poderán transformar e elaborar excedentes agropecuarios, pero tamén mellorar a capacitación e crear sinerxias que axuden a comercializar os produtos de calidade da zona.

Esa é a filosofía dunhas instalacións cofinanciadas polo Leader (AGADER), a Deputación da Coruña, a Consellaría do Medio Rural e os catro concellos implicados -Moeche, San Sadurniño, Cerdido e Valdoviño- cun investimento superior aos 240.000 euros.

O Concello de Moeche, como titular das instalacións e encargado da licitación tanto da rehabilitación da nave como do seu equipamento, recepcionou a mediados de marzo unhas obras consistentes no acondicionamento e redistribución dos espazos do edificio, así como na adquisición de todo o material necesario para procesar e envasar, entre outros produtos, zumes, mel e conservas vexetais.

Agora os concellos promotores están definindo un regulamento de usos e de xestión orientado a que calquera persoa poida empregar as instalacións, que se integrarán na rede de coworking da Deputación da Coruña.

Por certo, as instalacións levarán o nome “A Fusquenlla”, o mesmo da irmandade capitaneada por Roi Xordo que se



alzou contra a opresión feudal na revolución campesiña e fidalga do ano 1431. A adopción desta denominación, ademais da súa raizame histórica, é tamén reivindicar un modelo que se contrapón ao das grandes cadeas de distribución e os mercados globalizados apostando por produtos de proximidade e da máxima calidade que, ademais, sexan sustentables desde o punto de vista ambiental e social.

## Até o 30 de abril pode solicitárselle á Deputación o pagamento fraccionado do IVTM e do IBI

A “contribución” e a “rodaxe” son dous tributos municipais cuxo cobro está delegado na Deputación da Coruña, que desde este ano dá a opción de dividir o seu pagamento en 10 mensualidades, algo que haberá que solicitar e que, ademais, leva aparelada a obriga de domiciliar os recibos.

A Deputación tamén estableceu dúas datas de pagamento voluntario, o que permitirá á veciñanza que prefira pagar os seus recibos dentro dese período, facelo en dúas metades. As e os contribuíntes interesados/as en acollerse a este plan individualizado deberán presentar a súa **solicitud antes do día 30 de abril de 2021**. O trámite pode facerse a través da Oficina Virtual Tributaria da Deputación da Coruña -accesible desde [dacoruna.gal](http://dacoruna.gal)- ou rexistrando a documentación no Concello.

O pagamento mes a mes farase de maio a novembro no exercicio deste ano (7 mensualidades), mentres que de 2022 en diante os recibos cargaránse os días 5 de cada mes entre xaneiro e outubro (en 10 mensualidades), sempre e cando as persoas interesadas o soliciten e o teñan aprobado antes do 1 de xaneiro. É dicir, pidámolo cando o pidamos, o fraccionamento empezará a aplicarse ao ano seguinte, agás neste 2021 con carácter excepcional.

## ITV de vehículos agrícolas de novo o 6 de maio

**O Concello trasladou á SyC-ITV Applus+, á Xunta de Galicia e á Delegación do Goberno a necesidade de ampliar o prazo da ITV realizada no mes de decembro.**

A concesionaria das inspeccións técnicas de vehículos, SYC-ITV Applus informou recentemente ao Concello de que o próximo **6 de maio** desprazará até San Ramón a unidade móbil de revisión dos tractores. Atenderá en horario de **9.00 a 13.30h.** e de **15.15 a 18.00h.**

É obrigatorio pedir cita previa a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com) ou chamando ao **902 309 000**. Se vos é máis cómodo ou se as veces para Moeche se esgotan, podedes probar a pedir cita para o 5 de maio en Santa Mariña do Monte, para o venres 7 de maio nas Somozas ou para o 11 de maio no campo da feira da Barqueira.

A ITV volve en maio e non regresará até marzo ou abril de 2022, de maneira que os tractores obrigados a revisión anual que superaron a inspección o pasado decembro terían que volver pasala outra vez -e pagar de novo- en pouco máis de cinco meses ou ben agardar a que lles venza en decembro deste ano e ir pasala a Ferrol (con todo o gasto e tempo que iso implica). Se non fixesen nin unha cousa nin outra terían que esperar polo menos cinco meses -de decembro de 2021 a marzo/abril de 2022- coa ITV caducada, o que supón un risco para a seguridade do tráfico, expoñerse a multas e incluso a que o seguro se desentenda no caso dun accidente. O Concello enviou xa solicitudes a SyC-ITV Applus+, á Xunta de Galicia e á Delegación do Goberno para que procuren unha solución ao problema.

Recordade levar convosco a documentación do tractor e, para evitar retrasos, ser puntuais acudindo á hora asignada. Tamén é moi recomendable verificar antes o funcionamento de luces, cláxon, sinalización de emerxencia, o estado das rodas e que a máquina frea máis ou menos recta.



## Medioambiente

## Agora na primavera hai que intensificar o trampeo contra a velutina

O Concello de Moeche solicitou un ano máis, como fixera no 2020, a **adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina) de novo para o ano 2021, como ferramenta para combater esta situación.**

A vespa velutina segue entre nós e con tanta forza coma sempre. Desde o Concello facemos un chamamento para que durante a primavera se coloquen todas as trampas que se poida, co obxectivo de capturar raíñas que nestes momentos están construíndo os niños nos que criar a primeira xeración de obreiras.

As trampas poden mercarse ou facerse na casa cunha botella de plástico. Na web da Consellaría de Medio Ambiente e nos sitios das agrupacións apícolas hai manuais e vídeos sobre como fabricalas. Dentro haberá que botar un líquido atraente comercial ou ben algunha mezcla que tamén podemos elaborar nós. Unha que semella bastante efectiva conséguese mesturando 5 litros de auga, 2 quilos de azucre e 50 gramos de levadura do pan. Con eses cinco litros temos tranquilamente para 20 ou 25 trampas, que haberá que colocar preto de arbustos e árbores floreadas. Trala colocación das trampas hai que facer un seguimento da súa efectividade e, de paso, repoñer o líquido atraente. Dependendo da calor que faga o ideal é cambialo cada 10 ou 15 días.

Recordamos que se máis adiante se detecta algún niño primario de grande tamaño ou un niño secundario preto de vivendas ou nun lugar en que poida ser perigoso, **debe chamarse ao 012 para que o veñan retirar.**



## Cultura e Turismo

# Financiamento de 50.000 euros para renovar os contidos expositivos do castelo e 10.000 para a contratación do técnico de Turismo

A área de Turismo da Deputación da Coruña tamén confirmou recentemente unha **achega de 50.000 euros** para actualizar os contidos expositivos do castelo de Moeche. O Concello presentarlle un proxecto que se centrará na renovación da información que se lle ofrece ás persoas visitantes sobre a arquitectura e a importancia histórica da fortaleza, afondando no apartado referido ao seu papel como escenario das Revolucións Irmandiñas.

Ademais tamén se quere mellorar a experiencia con novos paneis que permitan comprender as distintas partes do castelo e o uso que se lles daba na Idade Media. Mesmo está previsto deseñar materiais dixitais de realidade aumentada, de maneira que poidamos ter sempre á man, no noso móbil ou táblet, máis contidos e máis información da que se poida ler a simple vista en cada espazo do edificio.

A subvención -que se fará efectiva suscribindo un convenio trala redacción do correspondente proxecto- vén sumarse ao financiamento para a contatación do técnico que se ocupa da **Oficina de Información Turística** durante a metade do ano. A axuda é de algo máis de 10.000 euros, cos que se cobren a maior parte dos custos dun contrato temporal que se convoca en cada campaña solicitándolle ao Servizo Público de Emprego de Galicia unha relación de aspirantes que cumpran os requisitos.

O traballo da oficina estará desdoblado entre a Casa do Concello -polas mañás de 10 a 14.00h. de mércores a venres- e no propio castelo polas tardes -16.30 a 19.00h-, ao igual que durante as fins de semana e festivos, cuxo horario de atención será de 11.00 a 14.00h e 16.00 a 19.00h. Cómpre ter en conta, ademais, que o Concello ta-



mén lle ten solicitado á área de Cultura da Deputación unha subvención de outros 12.000 euros para os custos do persoal de atención no Centro de Interpretación. O Concello ten xa listas as bases para renovar a bolsa de contratación. O proceso convocarase de maneira inminente.

## Solicitud de colaboración da Xunta de Galicia

Poucos días antes de que o Vicepresidente da Deputación, Xosé Regueira, confirmase a axuda para renovar os contidos, tamén visitou o castelo o **Subdirector Xeral de Conservación e Restauración de Bens da Xunta de Galicia**, Manuel Chaín Pérez, co obxectivo de coñecer no sitio cales son as actuacións máis urxentes que precisa o inmovible. A visita atendeu unha solicitude cursada polo Concello para tentar implicar á Consellaría de Cultura na conservación dun inmovible que precisa novos investimentos e que o consistorio non pode asumir en solitario. Entre eles estaría a retirada da vexetación dos muros, a eliminación de humidades e filtracións ou mesmo a mellora do saneamento. O representante autonómico informou de que a Xunta non dispón de fondos para mantemento, pero que si estaba aberta a estudar proxectos puntuais que fixesen máis doada -e tamén máis barata- a conservación a longo prazo do castelo, ou aqueles que sirvan para corrixir outros problemas, como podería ser a instalación dunha cuberta illante para a escaleira helicoidal que comunica o patio de armas co paso de rolda. O técnico instou ao Concello a que, tras a elaboración do seu informe, solicitase formalmente a colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio.

## Apertura do Castelo. Exposición Galicia con Exin Castillos, un dos grandes atractivos do castelo esta tempada

O castelo de Moeche abriu as súas portas durante as vacacións da Semana Santa e adoptará os horarios habituais de primavera a partir do 1º de maio, é dicir, os mércores, xoves e venres de 16.30 a 19.00h. e os sábados, domingos e festivos de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00h.

E a apertura tivo forza xa que nos catro primeiros días -de Xoves Santo a Domingo- pasaron polo castelo máis de 500 persoas.

Para a posta a punto o Concello contratou labores de mantemento a empresas locais, como o acondicionamento do tellado das salas, o tratamento de portas e ramplas de acceso así como labores de limpeza da pedra a cargo do persola municipal e de veciños e veciñas colaboradores.



### Tarifas

**Tarxeta do Castelo:** todas as persoas veciñas de Moeche poden recoller -os que xa a teñen, só deben actualizala- na Casa do Concello a tarxeta de acceso gratuíto ao Castelo.

#### Mantéñense as tarifas dos últimos anos:

Grupos escolares do CEIP San Ramón e menores de 6 anos: gratis.

1,50€ a rapazada de 6 a 12 anos e persoas xubiladas.

2,50€ de entrada xeral de 12 anos en diante (2€ con Carné Xove).

1,50€ por persoa se as entradas se reservan para grupos organizados de 15 ou máis participantes (non nestes intres por causa das restricións sanitarias). Os grupos de alumnado de centros de fóra do concello beneficianse dun prezo de 1€ por persoa.

O castelo e a súa historia son de por si un fantástico motivo para percorrer as súas estancias e murallas. Pero esta ano hai un atractivo máis: a exposición **“Galicia con Exin Castillos”** que nos mostrará até setembro reproducións a escala 1:32 -entre 1 e 1,5 metros, aproximadamente- de varias fortalezas e outros monumentos galegos.

Nela atopamos unha espectacular réplica da fachada do Obradoiro da **catedral de Santiago**, unha **Torre de Hércules** á que non lle falta detalle, a colexiata de **Santa María de Cambre**, **Pazo de Meirás** e, sobre todo, castelos: a **torre dos Andrade** en Pontedeume, **Castelo de Pambre**, de **Sobroso**, o de **Doiras**... e tamén o de **Moeche** representado a pequeno tamaño, aínda que cara ao verán Fran Guerra e outros membros da **Asociación Exin Castillos y West**, promotores da mostra, agardan ter lista unha réplica completa do noso castelo á mesma escala que as demais.

A peculiaridade da exposición é que todas as maquetas están feitas con bloques Exin Castillos, un xogo de construción que se comercializou desde os anos 60 até practicamente os 90. Como apuntamento nostáxico cabe mencionar que a xogueteira barcelonesa Exin foi unha das empresas máis potentes do sector durante máis de dúas décadas producindo tanto o xogo de construción de castelos como o TENTE -semellante ao Lego-, o Scalextric, as maquetas ferroviarias IBERTREN ou o famoso proxector Cinexin.

# Até o 20 de abril poden solicitarse as axudas escolares para estudo, desprazamento e equipamento informático

O Concello dedicará este ano 20.000 euros a bolsas escolares coas que, como novidade, tamén se financiará a merca durante o último ano de equipamento para seguir clases en liña (ordenadores, tabletas, enrutadores ou impresoras). Dependendo do tipo de estudos que se estean cursando, do nivel de renda per cápita e dos investimentos que tivesen que facer as familias, **a axuda poderá chegar até os 1.135 euros por alumno ou alumna.**

Con carácter xeral establécense dous tramos de axuda para todos os apartados da convocatoria, un co límite de ata 6.000 euros de renda per cápita e outro para aquelas familias que estean entre os 6.000 e os 9.000 euros de renda por cabeza, que é o tope económico superior para poder acollerse ás axudas municipais.

Nas bases recóllense tres liñas compatibles entre si.

A primeira das liñas son as **axudas para actividades relacionadas coa formación**, para o alumnado matriculado no CEIP San Ramón ou que cursen ESO, Bacharelato, FP, estudos universitarios -agás posgraos- ou mesmo ensinanzas superiores de tipo artístico en calquera centro público. Tamén poderá acceder ás bolsas aquel alumnado con necesidades educativas especiais que deba acudir a un centro fóra de Moeche. As cantidades van desde os 100 até os 300€, dependendo dos niveis de renda e dos estudos cursados.

A segunda liña son as **axudas para desprazarse estudar fóra** do municipio. Se se cumpren os requisitos a axuda poderá ser de 125, 150, 200 ou 250 euros.

O apartado que se crea este ano é o das **axudas para a adquisición de equipamentos informáticos e tecnolóxicos** que houbese que mercar **desde o 15 de marzo de 2020**, data na que a rapazada empezou a recibir clases a distancia, **até o 20 de abril de 2021, día no que remata o prazo de solicitude das axudas.** As subvencións municipais -vencelladas tamén aos dous tramos de nivel de renda por cabeza- van desde os 40 até os 400 euros, dependendo do tipo de aparello que se precisase comprar -ordenadores, tabletas, accesorios, impresoras ou enrutadores-.

Estas contías son acumulables, agás no apartado de ordenadores e tabletas (se se solicita para ordenador non se pode solicitar para tableta, e se se solicita para tableta non se pode solicitar para ordenador).

Toda a información, as bases e as follas de solicitude están dispoñibles na web [www.moeche.gal](http://www.moeche.gal). Tamén se poden consultar dúbidas no 981 404 006. As peticións haberá que rexistralas presencialmente ou a través da Sede Electrónica municipal. O prazo acaba o 20 de abril.



## O Concello contratará 6 persoas co financiamento da Deputación

Estas axudas provinciais destínanse a contratación temporal de dous condutores/as, un peón ou peoa, un ou unha axente de igualdade, persoal técnico de Turismo, persoal técnico do Centro de Interpretación do Castelo e manter anualmente a contratación do técnico deportivo.

Moeche beneficiase este ano dunha achega de 38.000 euros do **Programa de Integración Laboral Reactiva** da Deputación da Coruña, contía que duplica os fondos asignados o ano pasado e que neste 2021 permite contratar un condutor (10 meses), un condutor e un peón (4 meses). O proceso de selección do persoal -xa efectuado no caso do contrato de 10 meses dun condutor- faise coa publicación primeiro dunhas bases adecuadas ao requisitos da Deputación e partindo dos listados de aspirantes enviados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, que se solicitan en cada nova contratación.

**Así mesmo xa se contratou o técnico de Turismo**, por un periodo de 7 meses, e próximamente procederase á contratación dun ou dunha **axente de igualdade**, con dúas subvencións de mais de 10.000 euros cada unha, nos dous casos a través das listaxes do Servizo Publico de Emprego.

Ao longo deste mes publicaranse as bases para a **contratación do persoal do Centro de Interpretación do Castelo**, neste caso mediante concurso –oposición tal e com establece a convocatoria da subvención provincial.

# A homenaxe pública á canteira Soledad Campos ten nova data, o 2 de maio

A homenaxe pública a Soledad Campos Gil, veciña de Felgosa, que anunciábase o pasado mes de novembro, tivo que ser posposta a causa da situación sanitaria do COVID 19; agora fixamos unha nova data para presentar a escultura en homenaxe a Soledad e ao tempo, tamén a todas as mulleres, O 2 de maio, ás 12.30 horas na parroquia de San Xurxo, onde ela naceu, descubriremos a figura na súa honra feita en Toelo, pedra que ela traballaba, realizada polo artista Carlos García Romero.



## Nova remesa dos azulexos para a numeración das casas

Todas as persoas que encargastes novos azulexos cos números e nomes do lugar xa **podedes pasar pola Casa do Concello a recollelos**, en horario de atención ao público, de luns a venres de 8.30 a 14.30 horas.



## Desenvolvemento local

### Moeche achega 1000 euros por cada negocio de hostalaría do municipio que se acolleu ao Plan de rescate da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia solicitoulles aos concellos financiamento para o seu II Plan de rescate de Hostalaría, ben para incrementar as axudas ben para chegar ata todos os negocios solicitantes, en caso de que a Xunta de Galicia denegué algunha solicitude por fondos insuficientes.

O Concello decidiu destinar de novo fondos municipais -partida de 9.000.00 euros- para axudar ao negocios o e autónomos que se viron na obriga de pechar ou reduciron considerablemente os seus ingresos por mor da COVID 19.

O Plan de rescate da hostelería da Xunta de Galicia convértese así nun Plan de rescate tamén dos concellos, que no caso de Moeche **supón incrementar en 1000 euros cada solicitude concedida ou non deixar fóra a ningún dos solicitantes**.

### Axudas Pel Reactiva para autónomos e pequenas empresas

Nos meses de marzo e de abril o Concello aprobou a xustificación e pagou aos destinatarios as axudas do PEL Reactiva, concedidas polo Deputación e o propio Concello, que ascenderon a preto de 22.000,00 euros. Foron aprobadas todas as solicitudes, agás unha por non cumprir coas bases establecidas.

Moeche suma deste xeito 35.000,00 € dos fondos municipais reservados para axudas a autónomos desde que empezou a pandemia.

### Liñas de axudas doutras administracións públicas

#### Convocatoria de axudas para enerxías renovables

- Axudas para proxectos de enerxía solar fotovoltaica (Código de procedemento IN4210)

Proxectos promovidos por particulares e as súas agrupacións de instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos para subministración en vivendas ou inmobles de carácter residencial.

Prazo de solicitude: do 3 de marzo ao 01 de xullo de 2021

- Axudas para proxectos de enerxías renovables de uso térmico (Código de procedemento IN421P)

Proxectos promovidos por particulares e as súas agrupacións de instalacións para a xeración de enerxía térmica con equipamentos que utilicen biomasa como combustible, e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, aerotermia ou solar térmica.

Prazo de solicitude: do 1 de marzo até o 1 de xullo do 2021. Máis información no DOG nº 10 do 18 de xaneiro de 2021.

#### Tarxeta Benvida 2021

Mantense aberto o prazo para a solicitude da axuda económica a familias que no ano 2021 teñan un fillo a través da Tarxeta Benvida, da Xunta de Galicia, que só poderá ser utilizada en oficinas de farmacia, parafarmacias, ópticas, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Se precisades máis información ou asesoramento podedes contactar cos Servizos Sociais do Concello no 981404 006. Prazo: 20/01/2021 - 31/03/2022

Máis información: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210119/AnuncioG0425-281220-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210119/AnuncioG0425-281220-0002_gl.html)

